
ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA CORUÑA CELEBRADA O MÉRCORES, DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2014

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 10:25 horas do mércores día 26 de novembro de 2014 coa seguinte orde do día:

- 1) Aprobación de Actas
- 2) Informe do Director
- 3) Execución do presuposto de 2014
- 4) Convocatoria e Orde do día da próxima Xunta de Escola
- 5) Quenda aberta de palabra

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES

| | |
|---------------------------------------|------------|
| Carro López | Diego |
| Casteleiro Maldonado | Manuel |
| Colominas Ezponda | Ignasi |
| Domínguez Pérez | Xabier |
| Galán Díaz | Juan José |
| Herrador Barrios | Manuel F. |
| Jurado Albarracín Martinón | José Ángel |
| Orro Arcay | Alfonso |
| Rodríguez-Vellando Fernández-Carvajal | Pablo |

ESTUDANTES

| | |
|--------------------|-----------|
| Espasandín Lacalle | Raúl |
| Longueira Pan | Francisco |

PERSONAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1. Aprobación de Actas

Non hai comentarios. Apróbase.

2. Informe do Director

Comeza o informe tratando o tribunal de avaliación por compensación, o Director informa de que enviou unha carta ó Reitor sobre este tema recollendo o sentir transmitido pola Comisión Permanente. Pregunta o profesor Manuel Casteleiro como progresou esta cuestión, resposta o Director indicando que non se recibiu resposta.

Continúa tratando o acceso ás titulacións da Escola, indica que se dispón de números case definitivos. No grado de GIOP 48 estudantes e no caso do TECIC 35, por outra banda no Máster de Camiños, C e P, hai 33 alumnos.

O Director prosegue informando sobre a aprobación, en datas recentes, do Real Decreto sobre homologación e equivalencia de títulos estranxeiros. Esta lei nunha das súas partes establece a equivalencia entre os títulos pre-Bolonia e os títulos actuais. Non resposta directamente sobre como vai ser a correspondencia, senón que establece un procedemento para realizar esta adaptación. Engade que a ANECA xa comezou a traballar nos informes para estas correspondencias, e que no caso do título de Enxeñaría de Camiños xa está constituída a Comisión. A comisión está formada polo presidente do Colexio de Camiños, un representante da Conferencia de Directores de Escola que sería o Director da Escola de Camiños de Madrid e tamén un profesor da Politécnica de Cataluña.

Intervén o Profesor Manuel Casteleiro indicando que para a realización desta equivalencia se estableceu un proceso complexo, expresa o seu acordo o Director expresando que este proceso se podería axilizar substancialmente.

3. Execución Presuposto 2014

O Director presenta os datos relativos á execución do presuposto e indica que o exercicio está case pechado e o presuposto practicamente gastado.

4. Convocatoria e orde do día da próxima Xunta de Escola

O Director presenta a proposta da orde do día para a Xunta de Escola:

1. Actas
2. Informe
3. Premios extraordinarios fin de carreira
4. Solicitudes de Quinquenio
5. Sistema de garantía interna de Calidad. Informes de seguimento.
6. Quenda aberta de palabra

Respecto ó día, celebraríase o mércores 10 de decembro ás 13:00, trátase do último día en que se pode enviar a proposta dos premios extraordinarios.

Apróbase

5. Quenda aberta de palabra

Intervén o estudante Raúl Espasandín, informando de que foi a Cartagena ó congreso estatal de estudantes de Enxeñaría de Camiños. Tratouse o tema da correspondencia das titulacións antigas coas modernas. O estudante informa que houbo enormes problemas en outras Escolas co acceso ó Máster de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, e que o sistema que temos na nosa Escola foi considerado, nese foro, como o mellor sistema de acceso das Escolas de España. Por iso felicita á anterior dirección e á actual. Engade tamén que a situación tampouco é a ideal, xa que sería desexable un procedemento no que non houbera un corte entre grado e máster. O Director expresa o seu agradecemento polo comentario do estudante.

Non hai máis intervencións.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 10:50 do 26 de novembro de 2015.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico